

Iván de los Ríos, et al. 2009. *Los Soprano forever: antimanual de una serie de culto*. Madrid: Errata Naturae. 163 pp.  
David Simon, et al. 2010. *The Wire: 10 dosis de la mejor serie de la televisión*. Madrid: Errata Naturae. 238 pp.  
Jorge Carrión. 2011. *Teleshakespeare*. Madrid: Errata Naturae. 225 pp.

Aínda que as series de televisión existen dende hai varios anos, non foi até a primeira década do século XXI cando comezaron a cobrar o auge que están a experimentar hoxe en día. Este fenómeno non parece deberse unicamente a factores tecnolóxicos e de distribución, senón que atende tamén a causas directamente relacionadas coas características dos propios produtos creados. Estamos ante a irrupción de teleseries que gozan dunha maior complexidade argumental e temática e que esixen, polo tanto, un maior esforzo intelectual por parte dos espectadores, mentres prometen engadir prestixio e calidade até o de agora menosprezado medio televisivo.

364

Son testemuñas deste fenómeno os libros que a editorial Errata Naturae vén de publicar nos últimos anos, tales como *Los Soprano Forever: antimanual de una serie de culto*; *The Wire: 10 dosis de la mejor serie de la televisión* e *Teleshakespeare*.

Estes libros ofrecen un conxunto de ensaios rigorosos que se achegan ao lector cunha linguaxe contemporánea e desenfadada semellante á empregada nas propias series que citan. Neste sentido, o estilo dos tres libros é similar e o deseño das súas coloridas portadas, onde podemos ver caricaturas de personaxes das teleseries ás que aluden, advírtenos do ton que encontraremos no seu interior.

No contexto do estudo das series contemporáneas existe un produto televisivo en concreto ao que moitos teóricos e teóricas coinciden en sinalar como o detonante deste auge das series de ficción. Refírome aos *Soprano*.

O primeiro dos tres libros citados, *Los Soprano forever* inclúe ensaios de Noël Carrol, Fernando Castro Flórez, Ignacio Castro Rey, Iván de los Ríos, Rodrigo Fresán, Peter H. Hare, Kevin L. Stoehr e Fernando R. Lafuente. Tal e como o seu título indica, está dedicado por completo á análise desta obra clave da ficción televisiva, mais é unha análise centrada sobre todo na

súa significación e na súa temática e non tanto en elementos argumentais ou estruturais. Neste sentido, hai unha pregunta que semella estar presente ao longo de todas as páxinas deste libro: que significa para nós, para a sociedade contemporánea, *Os Soprano*? Esta pregunta agocha tras de si unha serie de incógnitas relacionadas coa atracción que nos produce un mundo e uns personaxes que, nun principio, resultan completamente abominábeis e rexeitábeis.

A maioría dos autores que participan neste libro coinciden en sinalar dous trazos que están moi presentes ao longo das seis tempadas que dura *Os Soprano* e nos que ademais semella residir o atractivo deste aclamado relato: a nostalgia e o desencanto. Unha pequena parte da complexidade da serie baséase nas constantes referencias que se fan aos grandes filmes de gángsteres a través de imitacións, conversas, proxeccións de escenas das propias obras, aparicións de famosos directores do xénero e comparacións da espectacularidade e visión romántica e idealista destes filmes coa vida real. E nos *Soprano*, precisamente, persiste constantemente a idea de que a vida real é só iso, o que se ve, a vida insignificante que eles levan, e esa insignificancia trae consigo, así mesmo, unha gran complexidade pola constante reflexión sobre a existencia que dela se desprende. Así, Fernando R. Lafuente apunta que “lo anodino se trastoca en complejo; la superficialidad de una vida de matones en un interrogante sobre la existencia” (p. 35).

365

A lectura de *Los Soprano Forever* é un itinerario a través das reflexións de diversos autores sobre uns personaxes que deambulan por unha existencia patética, sobre a psicoloxía duns protagonistas equívocos, moralmente ambiguos e desencantados, vítimas do mundo moderno e, principalmente, sobre a sociedade contemporánea, que atopa nos *Soprano* unha representación levada ao extremo da soidade, do cinismo e do relativismo moral imperante. E nese relativismo moral encontramos que na familia DiMeo, Tony Soprano é o mal menor. De aí a nosa simpatía, aínda que nunca incondicional, cara a este personaxe, tal e como afirma Noël Carrol: “Pero, en su mayor parte, cuando situamos a Tony en el elenco de personajes relevantes de la serie, resulta ser uno de los más íntegros, moralmente hablando” (p. 69).

*Los Soprano Forever* é un libro que se centra na disección da temática, da filosofía e do significado dunha serie chave que adquiriu este status non só polo seu contido, senón tamén pola forma en que ese contido lle é achegado ao espectador, a través dunha gran complexidade estrutural que tamén sería moi conveniente e interesante analizar.

Os autores deste libro buscan os motivos da calidade, do atractivo e do éxito deste produto televisivo e resúmeno, con bastante exactitude, con achegas como a de Ignacio Castro Rey que afirma que:

Lo que hace a *Los Soprano* especial no es la acción al estilo Scorsese, sino una metafísica de nuestra soledad multitudinaria, del círculo vicioso de nuestro poder sin objeto. El bienestar infeliz, el malestar funcional es la sombra de esta narración, su espectro (p. 43).

Porén, aínda que *Os Soprano* se erixiu como unha serie de referencia capaz de facer que nos reformulásemos a concepción que temos sobre o medio televisivo, existe outra obra de gran calidade que tamén é considerada por moitos a mellor serie da historia. Estamos a falar de *The Wire*, sobre a que versa o segundo dos libros mencionados *The Wire: 10 dosis de la mejor serie de la televisión*, con ensaios de David Simon, Rodrigo Fresán, Nick Hornby, Jorge Carrión, Iván de los Ríos, Marc Pastor, Margaret Talbot, Marc Caellas, Sophie Fuggle e mais un relato de George Pelecanos.

366

Na introdución, David Simon, creador da serie, explica o xeito en que se concibiu a súa obra dende o punto de vista da produción e do proceso creativo. Simon é moi franco con respecto á súa impresión sobre a televisión e os produtos televisivos e engade unha afirmación moi interesante segundo a cal considera que a maduración da ficción televisiva só é posíbel a partir da disociación entre os produtos publicitarios e as cadeas de televisión. Desta maneira poderíamos considerar que *The Wire* non existiría noutro sitio que non fose un modelo de pago por visión como a canle por cable HBO, berce tamén dos *Soprano*. O autor chega á conclusión de que unha menor dependencia da publicidade e a axuda de canles como a HBO propiciaron a aparición de series que tentan aprenderlle ao espectador a ver a televisión dunha maneira diferente. E ese é o fin último de *The Wire*.

Ao longo da súa introducción e, tal e como afirman despois o resto dos autores, Simon deixa claro o obxectivo de *The Wire*, isto é, ser unha serie realista capaz de suscitar a reflexión e o debate entre os espectadores acerca de quen somos e como vivimos. Este libro, como o anterior, fai especial fincapé na temática desta obra televisiva, que insiste en achegarnos á decadencia da sociedade contemporánea cuxa estrutura capitalista o arrasa todo. Pero esencialmente, tal e como apuntan os autores nos diferentes ensaios do

libro, é unha serie sobre a verdade, unha verdade inexistente, ou, mais ben, a multiplicidade de verdades: non hai bos, non hai malos e a redención non é posíbel.

Porén, na análise desta serie, e, ao contrario do que acontece en *Los Soprano forever*, os autores dedican algunhas liñas máis a comentar o xeito en que a historia é contada. Tal e como acontece cos *Soprano*, o que determina a calidade destas obras non só é a temática senón tamén a maneira en que se presenta aos espectadores. O propio Simon fala na introdución de que a narración da obra pretende imitar a forma da novela moderna, onde se busca enfocar as cousas dende distintos puntos de vista. Desta maneira, Jorge Carrión afirma que:

La velocidad interna de la obra de David Simon y Ed Burns es similar a la de una novela. Lo que interesa es diseccionar las entrañas de la ciudad al mismo tiempo que sucede lo propio con las de los personajes. No sólo hay que escribir los diálogos sino también el espacio interno y externo (p. 94).

De feito, tal e como afirma Simon, a serie foi concibida como unha “novela visual” que xa presenta un episodio piloto que viola moitas das leis básicas das series e da episodicidade de maneira intencionada. Jorge Carrión incide un pouco máis no seu ensaio sobre a narración e a estrutura da serie, sublimando a construción perfecta duns personaxes redondos, no tempo demorado da serie e, sobre todo, no feito de que se trata dunha obra quen de crear unha complexa rede que se estende máis a medida que avanza a trama e que vai establecendo vínculos entre espazos e personaxes.

Aínda que moitos destes elementos tamén están presentes nos *Soprano*, revélanse moito máis nesta obra sobre *The Wire*, prestándose unha grande atención á construción narrativa da serie e á súa condición de “novela visual”.

Resaltando o aspecto literario destas series, en *Los Soprano forever*, Fernando R. Lafuente afirma o que segue:

Tiene razón Rodrigo Fresán cuando escribe que “no pasa semana sin que algún intelectual de renombre diga eso de que si Cervantes/Shakespeare/Austen/Dickens/Proust viviera, hoy estaría escribiendo guiones para la HBO o algo por el estilo (p. 35).

É probable que desta idea se desprenda tamén o título do terceiro libro que citamos: *Teleshakespeare*, que conta cun único autor: Jorge Carrión. A pesar de que *Os Soprano* e *The Wire* foron sinaladas como as series paradigma no que a evolución da ficción televisiva se refire, hai moitas outras que seguen o seu ronsel. Carrión dedica o seu libro a falar dalgúns dos elementos que caracterizan as series actuais e utiliza como exemplo un gran número delas entre as que se encontran: *A dous metros baixo terra*, *Perdidos*, *Dexter*, *Fringe*, *Treme* ou *Mad men*, entre outras, aínda que, por suposto, e de novo, fala dos *Soprano* e *The Wire*.

O autor incide na gran complexidade semiótica que están a vivir as series de televisión na actualidade, que ademais contan coa presenza dun gran número de vehículos de transmisión e de linguaxes que permiten a creación de múltiples redes, o que nos conduce a pensar que parecemos estar ante un número de obras de carácter hipertextual e de gran multiplicidade xenérica e temática.

En relación con isto, Carrión introduce no seu libro un concepto moi interesante, o da *ficción cuántica*, coa que fai referencia ao gran número de historias que se plasman nestas obras televisivas e que se serven de múltiples linguaxes e formatos para tocar o espectador. Con respecto a este último, tamén destaca outro concepto: o do *poder dixital*. Estamos ante consumidores máis activos grazas ás posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías e que dilúen os límites entre os creadores e os espectadores:

Todos producimos porque todos somos actores. Agentes de la interpretación, el desvío, la recomendación, el contagio. Todos somos piratas textuales de lo que leemos, descontextualizamos, descargamos, traficamos con links y con lecturas de las obras que identificamos como pertenecientes a ese meta-género que es la teleserialidad. Todos somos fans. Todos somos microcríticos (p. 29).

*Teleshakespeare* supón unha lectura moi interesante polo seu esforzo por reunir algunhas das características das series de ficción actuais, que as converten en obras complexas e de calidade, mentres se centra tamén na existencia dun novo espectador que desempeña un rol máis activo e que actúa a dous niveis: o do consumo e o da interpretación e, mesmo moitas veces, o da reescrita.

Atopámonos con tres libros que poñen de manifesto o novo papel das series de televisión como obras de culto capaces de estar á altura do cinema e da literatura, de suscitar reflexións e debates, de servirse de diversos soportes, de buscar espectadores máis activos e que esixen, en definitiva, respecto por un medio televisivo que ofrece cada vez máis produtos complexos e sofisticados.

*Alba Méndez Martínez*